

# Normas para a xestión e o recoñecemento dos estudos realizados na University of South Wales no marco do acordo bilateral de dobre titulación para estudantes saíntes

(aprobado en comisión académico docente del 19/05/2014)

## 1. Requisitos dos estudantes:

- O/a alumno/a debe ter superadas todas as materias de primeiro e segundo curso (120 ECTS) do grado en ADE en maio/xuño ou xullo do curso inmediatamente anterior á súa estadía na Universidade de Gales do Sul.
- O/a alumno/a debe posuír un nivel C1 de coñecemento de inglés ou pertencer ao grupo bilingüe do Grado en ADE

## 2. Sobre os módulos a cursar en destino:

O/a alumno/a poderá elixir cursar en destino calquera dos módulos que se relacionan a continuación e que se impartan nese curso na Universidade de destino:

- **Business Management** (6 materias de 10 ECTS, das que as dúas materias optativas deben pertencer á área de Marketing –Emerging Themes in Marketing, Strategic Relationships & E-Business, por exemplo-).
- **Marketing** (6 materias de 10 ECTS, das que as dúas materias optativas deben pertencer á área de Business –Innovation Management, Employee Engagement, Enterprise Development Policy, por exemplo-).
- **Accounting and Finance** (6 materias de 10 ECTS, das que as dúas materias optativas poden pertencer tanto á área de Business como á de Marketing)

## 3. Solicitude:

Os/as alumnos/as interesados deberán presentar a súa solicitude online seguindo as normas e dentro da convocatoria xeral de mobilidade da UDC (que, en xeral, se publica en xaneiro de cada ano).

A FEE conta con unha praza Erasmus e 6 prazas Bilaterais (estes últimos alumnos deberán pagar as taxas en destino e terán a posibilidade de solicitar a devolución do 75% das pagadas na UDC –se non estiveran exentos de pagalas pola súa condición de bolseiros-cumprindo os requisitos recollidos no apartado 5)

## 4. Sobre a matrícula en destino e orixe:

Una vez confirmada a aceptación da solicitude por parte do/a Coordinador/a de RR.II da Facultade do centro, o/a alumno/a deberá formalizar a súa pre-matrícula na Universidade de destino –finais de marzo-. Para elo, seguiranse as instrucións recibidas da Universidade de destino, logo da nominación realizada pola FEE.

Igualmente, no prazo ordinario establecido pola UDC, o/a alumno/a deberá matricularse de todas as materias de terceiro curso do Grado ADE (60 créditos). Rematada a estadía na Universidade de Gales do Sul, o estudante que supere as materias –nos termos descritos no seguinte apartado- terá dereito a solicitar una devolución parcial destas taxas de matrícula na UDC.

## **5. Sobre o recoñecemento académico:**

Para o recoñecemento académico, se calculará a media aritmética das cualificacións obtidas nas 6 materias de destino, realizando a conversión da nota segundo o baremo aplicado a calquera estudante da UDC que realice o seu intercambio nunha Universidade do Reino Unido. Esta nota media será a que se incorpore a todas as materias na UDC (10 materias de terceiro de Grado de ADE).

Polo tanto, caben dúas posibilidades:

- Que a nota media sexa superior a 5 –no baremo da UDC- e, polo tanto, os/as alumnos/as supere todas as materias da UDC con esa nota. Neste caso, o alumno terá dereito a solicitar a devolución do 75% das taxas da matrícula satisfeitas na UDC por esas 10 materias de terceiro curso (sempre que houberse pagado ditas taxas).
- Que a nota media sexa inferior a 5 –no baremo da UDC- e, polo tanto, o/a alumno/a non supere materia algunha na UDC. Neste caso, o alumno non terá dereito á devolución de taxas.